



CPR SAN BLAS VISTA ALEGRE

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O plan dixital do CPR San Blas Vista Alegre, é un instrumento de planificación integrado no Proxecto Educativo que persigue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información, a competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensino-aprendizaxe.

Este centro, dende a súa creación hai máis de corenta e cinco anos, satisfizo sempre unha notable escolarización, sendo un centro integrado e moi recoñecido no lugar de Cabral, acollendo a unha poboación escolar con dificultades familiares (familias desestruturadas, nenos en acollida), persoais (11% de alumnos/as con necesidades educativas especiais) e económicos (familias cun nivel económico medio-baixo).

Por outra banda, debemos seguir cumprindo cos nosos obxectivos prioritarios como colexio, que é a atención educativa e integral dos nosos alumnos/as, poñendo especial atención aos alumnos/as de NEAE, á diversidade e á integración social e multicultural.

A composición resultante do centro, coas autorizacións e concertos educativos interesados é a seguinte:

NIVEIS EDUCATIVOS E AULAS EN CONCERTO:

EDUCACIÓN INFANTIL: 3 unidades.

EDUCACIÓN PRIMARIA: 6 unidades.

EDUCACIÓN SECUNDARIA: 4 unidades.

UNIDADES AUTORIZADAS POR ETAPA:

EDUCACIÓN INFANTIL (ORDE DOG 30/XULLO/1.997): 3 unidades.

EDUCACIÓN PRIMARIA (ORDE DOG 30/XULLO/1.997): 9 unidades.

EDUCACIÓN SECUNDARIA (ORDE DOG 30/XULLO/1.997): 6 unidades.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Visión do centro: como centro integrado no Programa E-dixgal da Consellería de Cultura Educación e Universidade, desenvolvemos actualmente os cursos de 5º e 6º de Educación Primaria e de 1º e 2º da ESO, e de cara ao próximo curso 2022-2023 integrar o curso de 3º da ESO. No curso 2023-2024 finaliza a fase de integración do Programa con 4º da ESO e consolidaríase o Programa no centro.

Dada a situación económica do centro e o seu orzamento, non podemos dispoñer dunha ampla visión de futuro en relación ás novas tecnoloxías, dado que a devandita situación non permite a adquisición de elementos e material tecnolóxico para as aulas coma:

- Pizarras Dixitais Interactivas
- Proxectores con tecnoloxías respectuosas co medio ambiente.
- Conexións inalámbricas.

CONTRIBUCIÓN O PEC

O profesorado do centro realizou un cuestionario sobre a propia competencia dixital en Novembro de 2021. De cuxo informe extraéronse propostas de mellora. Participouse na ferramenta SELFIE.

As iniciativas anuais do Plan estratéxico relacionadas coas TIC propoñen accións específicas para cada ano e avalíanse ao finalizar o mesmo.

O equipo directivo planifica as melloras para realizar no ámbito das TIC tanto na mellora de infraestruturas e recursos como na parte pedagóxica e de innovación.

A integración das TIC nas distintas Etapas educativas vaise realizando de maneira procesual.

O uso das Tics comeza a partir de 6º INF. Os/as alumnos/as acuden semanalmente o aula de informática onde teñen un computador e vanse familiarizando con elementos básicos como o uso do rato...

En EP os alumnos comezan a ter email de Google Drive para poder interactuar co profesorado de maneira dixital. Moitas das aulas contan cun computador, pantalla e proxector. Prográmanse algunhas sesións na aula de informática e participábase cos alumnos. Os cursos de 5º e 6º de EP, incorporámonos ademais ao programa Edixgal.

Todos os alumnos de ESO teñen usuario e clave da Plataforma Google Drive e xeneralízase o uso de todas as aplicacións para o envío de tarefas, apuntamentos...

As aulas de 1º, 2º, e 3º ESO contan cun computador, pantalla e proxector. Prográmanse sesións en aula de informática e participábase cos alumnos en sesións formativas. Nos cursos de 3º e 4º ESO os alumnos poden utilizar os seus dispositivos móbiles para actividades didácticas organizadas polo profesorado sempre previa comunicación ás familias e firma dos documentos de condicións de uso.

O uso das TIC no noso centro implica coñecerlas e usalas para diversas tarefas, pero cun propósito curricular claro. Implica que os profesores e alumnado posúan unha cultura informática e unha competencia dixital.

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Esta competencia permite procesar e xestionar adecuadamente información abundante e complexa, resolver problemas reais, tomar decisións, traballar en contornas colaborativas ampliando as contornas de comunicación para participar en comunidades de aprendizaxe formais e informais, e xerar producións responsables e creativas.

A elaboración deste plan deunos a oportunidade de secuenciar a competencia dixital en todos os niveis educativos.

É algo que xa tiñamos previsto desde hai tempo e que agora podemos abordar.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Os centros educativos forman parte dun mundo en permanente cambio e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado e por iso, os centros educativos deben dar resposta a esas necesidades e demandas da sociedade e do mercado laboral para formar cidadáns do futuro coas habilidades necesarias para funcionar nun entorno dixitalizado.

O uso da tecnoloxía nas diversas prácticas que teñen lugar nunha organización escolar, dende as relacionadas con cuestións organizativas, mesmo as dos procesos docentes e a aprendizaxe é inevitable.

A educación é un recurso fundamental para garantir a igualdade social, a promoción das persoas, etc.

Europa, recoñece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais, que á súa vez, permitan aproveitar as oportunidades.

Por outra banda, as organizacións educativas teñen a necesidade de revisar as súas estratexias, co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a innovación, aproveitar ao máximo a tecnoloxías da información e da comunicación e recursos educativos dixitais.

Inclusión e equidade educativa.

As TIC son un dos motores da aprendizaxe, xa que incita á actividade e ó pensamento crítico. Os estudantes están permanentemente activos ao interactuar co computador. O uso da tecnoloxía como recurso propicia a activa participación por parte do alumnado, ademais desenvolve a súa iniciativa e promove un traballo autónomo e rigoroso. Poden aprender a partir dos erros, xa que teñen a oportunidade de ensaiar novas respostas ou formas de actuar para superalos.

O próximo ano, a idea é que os alumnos nas aulas de apoio contén cun computador para facilitar a aprendizaxe, polo momento dispoñen de tablets.

Ademais, crearase un banco de recursos para traballar nesta liña con actividades adaptadas aos distintos niveis que serán trasladadas o computador nun futuro.

1.4. Proceso de elaboración

Mediante este plan preténdese:

* Avaliar a situación do noso centro educativo en relación co uso da innovación e das TICs en diferentes elementos clave, incluídos no Marco Europeo para as organizacións educativas dixitalmente competentes, para posteriormente, deseñar e acometer un proceso de transformación.

- * Recoñecer o Plan Dixital Anual como recurso fundamental para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- * Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo posible se é dixitalmente competente.
- * Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A nosa infraestrutura a día de hoxe consta dos seguintes elementos:

- 2 líneas WIFI (600 megas), unha en cada edificio do centro.
- 1 Intranet contratada coa empresa TECNODERECHO
- Mantemento informático contratado coa empresa TECNODERECHO
- 4 aulas con E-dixgal. 5º e 6º de EP e 1º e 2º de ESO.
- 10 ordenadores de mesa no edificio principal.
- Un aula de informática con 22 ordenadores, dos cales, son 5 portátiles.
- 6 proxectores. Un deles no salón de actos, outro en informática e o resto nas aulas de E-dixgal.

Desenvolvemento do pensamento creativo, computacional e crítico.

Os criterios metodolóxicos e didácticos de centro atópanse recollidos nas Propostas Curriculares que fomentan a coordinación entre todos os profesionais implicados.

Un elemento para ter en conta na construción do coñecemento son as denominadas Tecnoloxías da Información e a Comunicación, que fan que se estea experimentando un avance sen precedentes nas posibilidades de acceso ao intercambio da información e o coñecemento.

O dinamismo deste fenómeno está a influír de modo moi significativo no ámbito educativo cun impacto indubidable nos modos de acceder ao coñecemento, no

intercambio da información e a metodoloxía para empregar nos procesos de ensino-aprendizaxe.

Aparece un novo concepto de educación: o profesor non é o único portador de coñecementos e de información, o alumno pode tomar a iniciativa grazas á motivación dun medio que interacciona con el dun modo máis libre, e a información invádeo todo. Cun clic, poden ter a resposta para a información que necesiten.

En relación coas TICs, tense en conta que preparamos alumnos autónomos, alumnos para afrontar o futuro, polo que a integración do uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) contextualizadas nos procesos de aprendizaxe e coñecemento (TAC), o emprendemento, a integración de distintas aprendizaxes e experiencias e a aprendizaxe dun segundo idioma convértese en aspectos incuestionables na nosa proposta.

Tendo en conta esta formulación vemos que a nova contorna dixital está cambiado a maneira de ensinar e aprender. Os principais obxectivos que se poden desenvolver co uso das novas tecnoloxías na aula son:

- Crear contidos dixitais atractivos e adaptados á tecnoloxía actual.
- Establecer unha vía de comunicación segura entre alumnos, familia e o centro.
- Favorecer a aprendizaxe cooperativa, propiciando o cultivo de actitudes sociais adecuadas, o intercambio de ideas e o traballo en equipo.
- Preparar aos alumnos para inserirse nun mundo laboral no que as competencias dixitais son imprescindibles.
- Utilizar o potencial das TIC para innovar, transformar a educación e mellorar os procesos de ensino – aprendizaxe.
- Desenvolver diferentes estratexias para dinamizar a adquisición de coñecementos.

Coa implantación da nova lei educativa estudarase a incorporación á oferta educativa daquelas materias relacionadas coa computación.

O uso efectivo das TIC na aula depende da efectividade e eficacia dos procesos de ensino-aprendizaxe desenvolvidos e da capacidade dos docentes e alumnos para

interactuar cos recursos tecnolóxicos.

Por tanto, podemos enfocala da seguinte maneira:

- TIC como ferramenta de apoio para a función docente.
- TIC como ferramenta para a aprendizaxe cognitiva.
- TIC como consulta de información.
- TIC como ferramenta para procesar información.
- TIC como ferramenta auxiliar para a avaliación.
- TIC como medio de recreación.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A pandemia provocada polo SARS- CoV-2 acelerou a aposta polo ensino dixital dos centros educativos. Dende marzo de 2020, estes tiveron que realizar unha actuación de emerxencia non planificada para resolver a grave situación de confinamento.

A comisión Europea desenvolveu a ferramenta de autoavaliación SELFIE para os centros educativos, o que lles permite obter un informe do centro. Así mesmo poden analizar a nosa situación e facer un seguimento do centro no ámbito da innovación. Con esta ferramenta organizaremos a información por bloques e áreas, como recolle o informe resultante desta autoavaliación:

- Liderazgo.
- Desenvolvemento profesional.
- Infraestruturas e equipamentos.
- Prácticas de ensino e aprendizaxe.
- Prácticas de avaliación.
- Competencia Dixital do alumnado.


Ademais teremos moi en conta o MARCO EUROPEO de Competencias Dixitais.

No primeiro trimestre do curso 2021-2022 realizouse o primeiro cuestionario, e os resultados foron os seguintes:

A- Participación do centro:

	Nº de profesorado que participa	Nº de profesorado total	% de participación
CENTRO	19	24	79,00%


Nº de profesorado que participa y Nº de profesorado total



B- Participación por etapas:

	Nº de profesorado	Nº de profesorado total	% de participación
Infantil	4	6	66,67%
Primaria	8	10	80,00%
ESO	9	10	90,00%
ENR	1	1	100,00%

Nº de profesorado y Nº de profesorado total



Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3	3			
	Profesorado	3,5	3,5			
	Alumnado	4	4			
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.					
	Profesorado	3,2	3,2			
	Alumnado	3,8	3,8			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.					
	Profesorado	3,4	3,4			
	Alumnado	4,1	4,1			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.					
	Profesorado	3,3	3,3			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.					
	Profesorado	4,2	4,2			
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.					
	Profesorado	3,4	3,4			
	Alumnado	3,2	3,2			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.					
	Profesorado	3,1	3,1			
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.					
	Profesorado	3,6	3,6			
	Alumnado	4	4			

As cifras que figuran a continuación amosan a media das respostas dos membros do equipo directivo, o profesorado e o alumnado en relación con cada unha das áreas.

Miembros del equipo directivo

Profesores/as


Alumnos/as

SELFIE 2021-2022, session 1

1 nov. 2021 - 20 nov. 2021



Resumen das áreas:



Resultado por área:

Liderazgo

A1. Estrategia digital



A2. Desarrollo de la estrategia con el profesorado



A3. Nuevas modalidades de enseñanza



Colaboración e redes

B1. Evaluación del progreso



B2. Debate sobre el uso de la tecnología



B3. Colaboraciones



Infraestrutura e equipos

C1. Infraestructura



C2. Dispositivos digitales para la enseñanza



C3. Acceso a internet




C5. Asistencia técnica



C7. Protección de datos




C8. Dispositivos digitales para el aprendizaje



Desenvolvemento profesional continuo

D1. Necesidades de DPC



D2. Participación en el DPC



D3. Intercambio de experiencias



Pedagogía: Apoios e recursos

E1. Recursos educativos en línea



E2. Creación de recursos digitales



E3. Empleo de entornos virtuales de aprendizaje




E4. Comunicación con la comunidad educativa



Pedagogía: Implementación na aula

F1. Adaptación a las necesidades del alumnado



F3. Fomento de la creatividad



F4. Implicación del alumnado



F5. Colaboración del alumnado



F6. Proyectos interdisciplinarios



Prácticas de avaliación

G1. Evaluación de las capacidades




G3. Retroalimentación adecuada



G5. Autorreflexión sobre el aprendizaje



G6. Comentarios a otros/as alumnos/as sobre su trabajo



Competencias dixitais do alumnado

H1. Comportamiento seguro



H3. Comportamiento responsable



H4. Verificar la calidad de la información



H6. Otorgar reconocimiento al trabajo de los demás



H7. Creación de contenidos digitales




H8. Aprender a comunicarse




Outras áreas:


1- Factores que limitan o uso das tecnoloxías



2- Factores negativos para aprendizaxe mixto



2- Factores positivos para aprendizaxe mixto



4- Seguridade ao utilizar a tecnoloxía

Profesores/as

Preparación de clases



Impartición de clases



Retroalimentación y apoyo



Comunicación



Puntuaciones

- No estoy nada seguro/a 1
- No estoy muy seguro/a 2
- Tengo algo de seguridad 3
- Estoy seguro/a 4
- Estoy muy seguro/a 5

5- Porcentaxe de tempo

Profesores/as

Porcentaje de tiempo dedicado a la enseñanza digital



Puntuaciones

- 0-10% 1
- 11-25% 2
- 26-50% 3
- 51-75% 4
- 76-100% 5

Os resultados do Selfie amosan a nosa realidade.

Con esta análise concluímos que:

- Dende o inicio da pandemia, aumentouse o uso das TICS na educación pero e necesario seguir aumentando gradualmente novas estratexias dixitais.
- Necesidade de colaborar con outros centros e institucións
- Mellorar e ampliar o equipamento do centro. Temos unha gran necesidade de renovar equipos e adquirir complementos como taboleiros dixitais.
- Necesidade de formación entre o profesorado para o manexo das TICS e programas para o ensino dentro do aula.
- Necesidade dun maior control do alumnado co correcto uso das tics.
- Os alumnos cren saber máis do que saben do correcto uso das TICS.
- Falta de fondos por parte da administración para poder renovar os equipos en centros concertados.
- Necesidade de mais apoio técnico externo.
- Gran porcentaxe de profesores e alumnos con competencias dixitais insuficientes.
- Pouca experiencia do profesorado para o ensino co uso das TICS
- Necesidade de máis organización cos recursos compartidos dixitais

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	4	21,1%
B1	8	42,1%
B2	5	26,3%
C1	2	10,5%
C2		
TOTAL	19	100%

2.3. Análise DAFO

	Internas	FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ordenadores 2. Proxectores 3. Check in Check out 4. Intranet do centro 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Pizarras Dixitais Interactivas 2. Armarios de conexión 3. Falta de medios dixitais 4. Condicións socioeconómicas da contorna 5.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Estabilidade laboral do persoal docente 2. Gañas de aprender 3. Dirección con gran conocimiento do mundo dixital 4. Formación do profesorado por parte da dirección do centro 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de tempo 2. Falta de cursos impartidos pola xunta 3. Poucas metodoloxías que aboguen pola innovación 4. Pouca conciencia da necesidade de formarse 5.
	PERSOAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Estabilidade laboral do persoal non docente 2. Equipos nos despachos 3. 4. 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de cursos e formación 2. 3. 4. 5.
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Equipos en 4 cursos E-Dixgal 2. 3. 4. 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non control parental xa que a escola concertada non teos opción de facelo. 2. Xogos nas TICS 3. Cada día máis falta de atención no alumnado. 4. 5.
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Positivos co uso das TICS 2. Comunicación dixital (plataforma do centro) fluida e xeneralizada. 3. 4. 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Pouco compromiso co centro 2. Pouco control no uso das tics dos seus fillos e fillas 3. Condicións socioeconómicas 4. Nivel baixo no uso das TICS 5. Falta de implicación
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ordenadores 2. Intranet 3. Blog 4. 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non temos ordeadores suficientes 2. Nos temos pizarras dixitais 3. Falta de formación 4. 5.
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Uso de APP toda a comunidade educativa 2. Uso de unha intranet de toda a comunidade 3. Google Suit 4. Blog do centro 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de formación 2. Falta de tempo 3. 4. 5.
	Externas	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Axudas esporádica 2. Traballo en equipo 3. 4. 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Educación concertada non ten os mesmos dereitos que a pública 2. Gran cambio en pouco tempo 3. Gran falta de equipamento e-dixgal 4. Situación económica 5. Innovacións tecnolóxicas

	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Variedade de proxectos 2. 3. 4. 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Pouco claras e precisa. 2. Pouco próxima á realidade do centro. 3. Obxectivos demasiado optimistas. 4. 5.
	ANPA	<ol style="list-style-type: none"> 1. 2. 3. 4. 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non se espera a súa creación. 2. 3. 4. 5.
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comunicación organizativa 2. Medios dixitais cada día mais presentes 3. 4. 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Condicións socioeconómicas da contorna. 2. Wifi inestable no ámbito rural do centro. 3. Os alumnos creen saber máis do que saben 4. 5.
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> 1. 2. Información por pparte da CECE 3. 4. 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. 2. 3. 4. 5.

3. Plan de Acción

Comisión TIC

A comisión TIC do Colexio Vista Alegre está formado por 5 membros:

- Mónica Seoane Lomba (coordinadora)
- M^a Isabel Alonso Rodríguez
- Eva Hernández Román
- Rosana Silva Pereira
- Ruth García Castro

A utilización e eficacia dos recursos TIC e das medidas de acompañamento en desenvolvemento dependerán da capacidade do centro educativo, como institución, de involucrar ao profesorado na súa aplicación na práctica de aula e no contexto do seu Proxecto Educativo, polo que é fundamental establecer un marco de actuación que posibilite e incentive o uso das TIC nas aulas e nas relacións dos membros da comunidade educativa. Neste sentido, é importante contar con persoas capacitadas responsables da dinamización de accións que potencien a formación, a investigación e a innovación no ámbito do centro educativo.

No Vista Alegre, constitúese un equipo que liderará a implantación deste plan dixital e formado por:

Unha comisión TIC que inclúe a 4 membros e unha coordinadora.

Cuxas funcións, polo menos, serán as seguintes:

1. Propoñer ideas, dinamizar e coordinar as propostas que se elevan ao equipo directivo na elaboración do Plan de Integración das TIC, de forma que contribúa ao desenvolvemento das competencias clave e implicar de forma efectiva ao resto de docentes no proceso.

2. Propoñer e coordinar estratexias para a organización e xestión dos medios e recursos educativos relacionados coas TIC que dispoña o centro, mantelos

operativos e actualizados, utilizando para iso a axuda técnica e pedagóxica dos Servizos de apoio da Consellería de Educación e do equipo directivo.

3. Dar a coñecer o plan TIC.

4. Informar ao profesorado sobre as novas ferramentas, os produtos e sistemas relacionados coas TIC dispoñibles para a Educación e difundir a súa utilización na aula.

5. Orientar e apoiar ao profesorado na integración das TIC para o desenvolvemento da competencia dixital, utilizando novas estratexias metodolóxicas que contemplan o aproveitamento das mesmas.

6. Actuar como elemento dinamizador e coordinar no centro educativo cantas iniciativas e proxectos xurdan entre o profesorado e o alumnado, relacionadas coas TIC.

7. Coñecer e utilizar a oferta de recursos dixitais que pon a Administración educativa ao servizo do centro educativo.

8. Coordinar a dinamización do uso de ferramentas e servizos web (aulas virtuais, blogues, redes sociais, wiki, multimedia, etc.).

9. Realizar e coordinar outras tarefas relativas á utilización das TIC como recurso de ensino propostas polo equipo directivo.

10. Coñecer as relacións entre a Competencia Dixital, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e aplicar as estratexias metodolóxicas necesarias para a integración curricular das TIC.

11. Fomentar o uso da tecnoloxía para a mellora da comunicación entre os integrantes da comunidade educativa.

12. Coñecer e utilizar os servizos de apoio e asesoramento que pon ao dispor do centro a Consellería de Educación e Universidades para a implantación e integración das TIC.

13. Participar en actividades de formación relacionadas coas TIC.
14. Participar en proxectos de innovación educativa con TIC.
15. Identificar e aplicar medidas de seguridade e prevención de riscos na operación de equipos tecnolóxicos.
16. Coñecer e aplicar os principios legais e éticos asociados ao uso de información dixital, os dereitos de propiedade intelectual e as licenzas de uso.
17. Coñecer os distintos riscos asociados ao uso das tecnoloxías, os riscos e ameazas na Rede e aplicar medidas de protección e seguridade.
18. Identificar e fomentar os comportamentos adecuados no ámbito dixital para protexer a información e datos persoais, propios e doutras persoas. (Identidade dixital).

Así mesmo, en canto á organización das infraestruturas e recursos dispoñibles:

1. Realizar un inventario dos recursos tecnolóxicos e informáticos dispoñibles se non o houberse (computadores, periféricos, canóns de proxección, taboleiros dixitais, redes de comunicación, software...)
2. Establecer o réxime de uso dos espazos e recursos tecnolóxicos e informáticos do centro (normas de uso, planning horario, préstamos de material).
3. Establecer os contactos ou xestións necesarias para a adquisición de novos materiais ou recursos informáticos, así como da incorporación de novas tecnoloxías.

A Coordinadora TIC promove, dinamiza e coordina, baixo as directrices do Equipo Directivo, a adaptación, implicación e avaliación do proxecto e programas de innovación tecnolóxica para os procesos educativos e de xestión do Centro.

As súas funcións e tarefas son:

- Coordina a implantación e o desenvolvemento do Plan TIC do Centro.

- Facilita e promove a ampliación de competencias en TIC (tecnoloxías da información e o coñecemento) e TAC (tecnoloxías da aprendizaxe e a comunicación) do profesorado, de acordo co Equipo Directivo.
- Coordina o Proxecto TIC da Rede de Centros.
- Actualiza os contidos e aplicacións do Proxecto TIC á realidade do Centro.
- Ver pola seguridade na contorna dixital do Centro e o cumprimento da Lei Orgánica de Protección de Datos.
- Realiza o mantemento de equipos.
- Asesora ao Equipo Directivo e ao profesorado sobre tecnoloxía no ámbito de actividades educativas e curriculares.

3.1. Auto-reflexión sobre o uso actual das tecnoloxías nos procesos. Análise da realidade interna do noso centro.

A entrada do noso centro no curso 2020-21 no programa E-dixgal (5º de EP e 1º da ESO) fíxonos remodelar a educación dixital da nosa comunidade educativa. O profesorado obtivo formación no programa a nivel externo e, á súa vez, en diversas aplicacións metodolóxicas para a xestión da intervención educativa a nivel interno coa finalidade de actualizar a xestión dixital nas nosas aulas.

Este feito tamén tivo outra finalidade. Formar e educar ao alumnado no ámbito dixital para controlar o seu proceso formativo cos niveis de autonomía e seguridade necesarios para o seu óptimo desenvolvemento.

No curso 2021-2022 sumáronse ao programa E-dixgal os cursos 6º de EP e 2º da ESO, no 2022-2023 o fará 3º da ESO o no 2023-2024 4º da ESO. Deste xeito teremos seis cursos dos trece niveis presentes no centro inmersos nun proxecto dixital integrado no proceso formativo do alumnado, o cal obríganos a manter unha constante formativa na nosa comunidade, tentando optimizar os recursos disponibles para obter o maior rendemento posible.

Medios dos que dispón o centro

O Colexio Vista Alegre dispón nos seus dous edificios de diversos recursos dixitais

dispoñibles para os membros do equipo directivo, do profesorado, do PASS e do alumnado.

A- Aula de informática e computadores e WIFI.

Disponse dunha sala de informática cun total de 22 computadores:

- Acer (Intel core i3) VEZ2740G - 6
- Lenovo (Intel core i3) 10NK0021SP - 8
- HP All-in-One 24-e0Xx (Intel Core i5) - 3
- HP Compaq 8100 Elite SFF PC (Intel Core i5) - 3
- eMachines EL1832 (Intel Celeron) - 1
- Acer Aspire X1430 (AMD E-300) - 1

Os alumnos/as de 5º, 6º de EP e 1º, 2º de ESO dispón do seu ordenador cedido pola xunta (E-Dixgal).

No chalet, contamos con 7 equipos para o Pass, Orientación e docentes.

Contamos con dúas conexións WIFI de 600 megas, cada unha sita nun edificio (unha no chalet, outra no edificio das aulas)

A instalación de redes foi actualizada este curso 2021-2022, despois de atoparnos con diversos problemas coa conexión en anos anteriores. Puxéronse 10 amplificadores de sinal polo edificio das aulas, máis unha nova wifi. Dende entón a conexión é bastante óptima.

• Software, antivirus e actualizacións.

Todos os computadores teñen un mantemento que leva a cabo a empresa TD, 3 veces ao ano.

• Proxectores

Algunhas aulas están dotadas de proxectores, sendo un total de 6, máis 1 no salón de actos e 2 móbiles, considerándose este un factor máis de recursos para a aprendizaxe do alumnado.

- **Taboleiros dixitais**

O centro dispón dun taboleiro dixital.

- **Radio TVista Alegre**

Durante o curso 2021-2022 inaugurouse unha aula de medios de comunicación dotada cun iMAC e 2 micros, e unha zona de coworking.

- **Webcam:**

As que teñen os equipos informáticos.

- **Tablets**

Temos 6 tablets. Dispoñen dunha batería de curta duración, e de funcionalidades limitadas.

- **Televisión** na entrada e no aula de madrugadores.

Doutra banda, é importante sinalar a aposta pola innovación e as TIC que realizou o Vista Alegre dende fai 3 anos, onde o uso das mesmas era case inexistente, a excepción da materia TICS. Fai 3 anos o Colexio Vista Alegre meteuse de cheo na utilización das TICs para complementar a educación dos seu alumnado dende 6º de infantil.

- **Conexión Wifi**

Aínda que se dispón de dúas conexións Wifi, con varios puntos de conexión no centro e amplificadores, o ancho de banda do centro é mellorable e a velocidade de transferencia de datos tamén.

DAFO

Aspectos positivos:

Están a realizarse accións de formación para o uso das TICS e aumentando os equipos informáticos do centro.

Ganas de aprender e crecer no mundo dixital.

Aspectos negativos:

A velocidade da rede WIFI é mellorable.

Parte dos Equipos e software obsoletos.

Falta de equipamento.

Falta de axudas por parte da administración para os concertados.

3.2. Obxectivos, indicadores e accións

A posta en marcha das accións que se levarán a cabo estará supeditada ás necesidades detectadas na enquisa SELFIE, á análise dos recursos dispoñibles no centro (segundo a dotación tecnolóxica, a conectividade, as plataformas e servizos dixitais e o mantemento necesario, entre outros), á análise realizada dos recursos dispoñibles do alumnado e segundo as necesidades detectadas derivadas da situación que se vaia desenvolvendo.

Partindo deste mapa integral diagnóstico, fixéronse os obxectivos neste plan, que serán revisados cada ano e que son susceptibles de ser modificados durante o curso escolar.

Divídense en obxectivos xerais (relacionados coa comunidade educativa) e obxectivos concretos (vinculados aos membros do equipo directivo, ao profesorado, ao alumnado e á xestión do centro).

Exposición de obxectivos para cada área

Obxectivos para os membros do equipo directivo

- Adquirir competencias dixitais relacionadas co traballo organizativo do centro e impartir formación ao equipo.
- Utilizar as ferramentas dixitais para mellorar a eficacia e a eficiencia dos procedementos administrativos e relacionados coa comunicación.

Obxectivos para o profesorado

- Mellorar a competencia dixital dos docentes de acordo co nivel de competencias dixitais europeos.
- Utilizar as TIC como medio de perfeccionar a actividade docente a través da súa utilización, da información que delas poida sacar, e da formulación pedagóxica que para elas teña.
- Fomentar o uso das contornas virtuais de ensino-aprendizaxe a través da plataforma GOOGLE SUIT (classrom e demais aplicativos).
- Saber consultar información na rede, tanto de temas de investigación profesional como de temas interesantes para a súa actividade docente.
- Favorecer a súa utilización por parte do profesorado nas súas tarefas xerais do centro: programacións, memorias, plans, situacións de aprendizaxe, xestión académica.

Obxectivos para o alumnado

- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos.
- Potenciar a súa expresión e comunicación con outros compañeiros e compañeiras da súa contorna ou de fóra da súa contorna próxima.
- Espertar o interese e darlle as pautas para acceder á información precisa, potenciando o seu razoamento e o seu afán de coñecemento.
- Utilizar internet e as redes sociais con **responsabilidade**, informando dos riscos e minimizándoos con información específica.
- Evitar a fenda dixital que pode causar a situación actual entre os estudantes con recursos e os que non os teñen.

Obxectivos para a xestión e funcionamento do centro

- Manter e mellorar as vías de comunicación virtual do centro.
- Manter e mellorar a páxina web e as redes sociais do centro como medio difusor de información que sexa relevante para o centro. Crear unha imaxe positiva do uso de ferramentas dixitais para a aprendizaxe.
- Impulsar a implantación de novas ferramentas para a xestión interna do centro.
- Utilizar de forma efectiva as ferramentas de xestión do centro (CIFRA e GOOGLE DOCS).

Obxectivos para a infraestrutura e equipos do centro

- Garantir na contorna virtual do centro a protección de datos de todos os seus usuarios.
- Dotar ao centro con mais equipos dixitais.
- Mellorar a velocidade de internet do centro.
- Dispoñer de máis asistencia técnica eficaz para resolver os problemas cos equipos dixitais do centro.

Formación dos alumnos/as e os docentes para respectar a autoría das obras utilizadas na educación.

O plan de acción está contemplado para que se vaia implementando ao longo do curso, segundo a prioridade de actuación que se requira. Neste senso, durante este curso prestarase especial atención a combater a fenda dixital, á formación do profesorado e do alumnado.

Cada unha das accións propostas terá asociado un obxectivo mesurable, real, planificado e axustado ás necesidades do centro. Determinaranse unha serie de indicadores para medir a súa consecución durante a súa implantación e ao final do curso.

Para poder traballar cada un dos obxectivos, móstrase a información en táboas que recollen os seguintes aspectos:

1. Obxectivo: para poder identificar cada unha delas.
2. Indicadores do obxectivo: directiva, profesorado, alumnado e centro.
3. Valor de partida: explicación da situación tras a análise pertinente.
4. Valor previsto e data: onde se mostrará que indicadores utilizaranse para

corroborar o cumprimento do obxectivo proposto, cun indicador “meta”, que é ao que aspiramos, cun indicador “risco”, que é o mínimo desexable e co valor obtido finalmente (este encherase ao finalizar o plan de acción). Se o indicador está relacionado cun aspecto recollido na enquisa SELFIE, indicárase o código ao que pertence (por exemplo, C4).

1. Descripción: neste apartado recóllense as accións que planificamos para conseguir o noso obxectivo e nel recóllese a persoa ou departamento responsable de que o leve a cabo, o prazo para realizala, e finalmente, se levouse a cabo (cando).
 2. Responsables: Quen leva a cabo a acción.
 3. Data prevista de finalización.
 4. Recursos necesarios.
 5. Valoración da acción: valoraremos como se levou a cabo o plan de acción, cunha proposta de mellora.
0. Estado: Realizado-Aprazado-Pendente.

Previsión da secuencia temporal de actuacións e prazos.

Para a elaboración e coordinación do Plan distinguimos tres fases ou momentos no desenvolvemento do mesmo:

a) 1ª Fase: Análise.

Completando e detectando as necesidades, debilidades e problemas que necesitan accións concretas no centro. Fase en constante evolución.

b) 2ª Fase: Desenvolvemento.

Posta en práctica das diferentes accións susceptibles de ser realizadas.

Toda a comunidade educativa e os axentes específicos, levarán a cabo os aspectos recolleitos neste documento de acordo á súa función.

c) 3ª Fase: Avaliación.

Como base para unha mellora continua, recompilaranse resultados, e a avaliación das accións e procesos que se levaron a cabo mediante a ferramenta SELFIE. Co claustro preceptivo de final de curso presentaranse os resultados.

Unha vez aprobado publicarase na web do centro, na plataforma dixital “Intranet de centro”, e no Drive para o equipo directivo.

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades primordiais son:

- Mais equipos de traballo dixital como ordenadores, pizarras dixitais, licencias de programas informáticos para a educación, proxectores e pantallas interactivas.

A implantación de un Plan de dixitalización no Centro terá como principal problema o financiamento do mesmo, pois non soamente débense ter en conta os gastos de equipamento (computadores, canóns, pantallas dixitais interactivas...), sino tamén os gastos de mantemento destes equipos, como xa se indicou anteriormente. O noso plan de digitalización poderá ser verdadeiramente efectivo se se establece unha partida orzamentaria específica. Isto implica, unha vez máis, a procura de vías de financiamento.

É evidente que actualmente a crise económica non dá grandes opcións en canto á capacidade de financiamento dos centros concertados, ademais de que o concerto por parte das administracións públicas é deficitario, cada día os gastos son maiores e os ingresos son os mesmos. Desde o noso centro propóñense as seguintes estratexias de financiamento:

1. Achega voluntaria das familias.
2. Subvencións nacionais ou autonómicas.
3. Colaboración das Editoriais.

Aínda así, debido ao volume de equipos e sistemas informáticos dos que dispón o

centro, o financiamento é insuficiente. Isto implica realizar un esforzo económico por parte da dirección do centro para poder estar á vangarda tecnolóxica. O Colexio Vista Alegre, ademáis conta coa achega desinteresada de persoal do centro que se dedica ao mantemento destes equipos, e na súa gran maioría soluciónanse as posibles incidencias que se van producindo

“Área/s de mellora”: “Desenvolvemento Profesional Continuo”

1. OBXECTIVO (1):	Deseñar proxectos nos que se empreguen as TIC.		Acadado		
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos e persoas a cargo das xefaturas departamento		Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO(2)	Número de proxectos deseñados nos que se empreguen as TIC.				
Valor de partida (3)	0 proxectos deseñados nos que se empreguen as TIC.				
Valor previsto e data (4)	2 proxectos deseñados nos que se empreguen as TIC.		Final do 1º trimestre do curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO1.1: Creación do grupo de deseño de proxectos	Xefatura de estudos e persoas a cargo das xefaturas de departamento e/ou coord.. de ciclo.	Primeira semana de outubro do curso 22/23	Convocatoria Equipos informáticos. Persoa responsable de xefatura de estudos.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Elaboración de 1 proposta de proxecto Departamento/ciclo nos cursos impares de EP e ESO	Persoas a cargo das xefaturas de departamento e/ou coord.. de ciclo	Última semana de novembro do curso 22/23	Equipos informáticos. Persoas Xefas de departamento e coordinadoras dos equipos de ciclo (no caso de EPAPU con Primaria)		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Posta en común das propostas e elección.	Persoas a cargo das xefaturas de departamento e/ou coord.. de ciclo	Primeira semana de decembro do curso 22/23	Creación de formulario en Abalar Box para dar a escollera o claustro a preferencia dos proxectos deseñados. Persoa que coordinadora das TIC.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.4: Dar a coñecer os 2 proxectos seleccionados	Persoas a cargo das xefaturas de departamento	15 de decembro 2022	Equipo informático. Correo corporativo.		Realizada

	e/ou coord.. de ciclo		Persoas responsables do AQ1.4		Aprazada	
					Pendente	
“Área/s de mellora”: “Formación SOBRE A AUTORÍA E PROTECCIÓN DE DATOS DOS DOCUMENTOS, IMAXES A AUDIOVISUAIS”						
2. OBXECTIVO (1):	FORMACIÓN DO PROFESORADO SOBRE O RESPETO A AUTORÍA NAS REDES.				Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO DO CENTRO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO(2)	Para todo o profesorado					
Valor de partida (3)	Descoñecemento sobre a autoría e a protección de datos.					
Valor previsto e data (4)	Finales de Xuño do 2022 – Principio septiembre 2022			Xuño (final de curso)		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Formación interna sobre a autoría e a protección de datos	DIRECTORA DO CENTRO.	Xuño 2022	AUTORÍA, PROTECCIÓN DE DATOS EN CENTROS EDUCATIVOS		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaboración de 1 proposta de proxecto Departamento/ciclo nos cursos impares de EP e ESO	DIRECTORA DO CENTRO.	Septembro 2022	AUTORÍA, PROTECCIÓN DE DATOS EN CENTROS EDUCATIVOS		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Posta en común das propostas e elección.	EQUIPO DIRECTIVO	Ao final de cada trimestre.	COMPROBAR O RESPETO A AUTORÍA DA INFORMACIÓN RECOLLIDA NAS REDES		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente
					Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”: “Formación en tics e programas informáticos para a educación”

3. OBXECTIVO (1):	FORMACIÓN DO PROFESORADO.				Acadado
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO DO CENTRO				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO(2)	Para todo o profesorado.				
Valor de partida (3)	Alto % de descoñecemento e uso das tics nas aulas				
Valor previsto e data (4)	Finales de Xuño 2022			Xuño (final de curso)	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO3.1: Crear un espazo virtual para compartir materiais por áreas.	DIRECTORA DO CENTRO	Xuño 2022	Google suit e APP de google (documentos, presentación, classroom etc)		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.2: Formación interna do profesorado nas tics e uso de programas informáticos.	DIRECTORA DO CENTRO	Xuño 2022	Google suit e APP de google (documentos, presentación, classroom etc)		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.3: Posta en común das propostas e elección.	Claustro	Ao final de cada trimestre.	Google suit e APP de google (documentos, presentación, classroom etc)		Realizada
					Aprazada

					Pendente	
AO3.4: Revisar o traballo feito trimestralmente cas tics na aula.	Equipo Directivo	Ao final de cada trimestre.	Google suit e APP de google (documentos, presentación, classroom etc)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinarse o obxectivo proposto foi alcanzado e se é necesario realizar variacións na formulación destas accións durante o curso para que as propostas materialícense.

Coa análise destes indicadores, elaborárase un informe evaluativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

Marco temporal para cada acción

Durante o primeiro trimestre do curso 2022/23, xa establecida a Comisión TIC que redactou o presente plan, e tras a aprobación dos órganos competentes do Plan TIC, realizarase unha valoración por parte de todo o claustro de profesores para proceder á súa aprobación e publicación ao final do trimestre.

As actuacións de difusión, seguimento e avaliación do plan, terán lugar no segundo e terceiro trimestre respectivamente.

Avaliación do PD

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi alcanzado e se é necesario realizar variacións na formulación destas accións durante o curso para que as propostas materialícense.

Coa análise destes indicadores, elaborárase un informe evaluativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

5. Difusión do plan

As canles de difusión da evidencia do traballo realizado serán as seguintes:

- Comúns: o Plan Dixital realizado será compartido por toda a comunidade educativo do colexio a través da plataforma CIFRA EDUCACIÓN, da nosa web www.colegiovistalegre.com e a nosa intranet do centro.
- Para o profesorado e o alumnado: dende a web do centro e o blog e os correos corporativos, compartirá as ligazóns aos repositorios que conteñen os titoriais para que o alumnado, as familias ou outros membros da comunidade educativa podan dispoñer das ferramentas idóneas para mellorar a súa competencia dixital.